



A Coruña acollerá o VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025

[A Coruña](#) ACoruñaXa

A convocatoria está aberta á participación de sete proxectos en proceso de creación, catro procedentes de Galiza e tres de Portugal

15 de xullo de 2025

<https://acorunaxa.com/news/a-coruna-acollera-o-viii-festival-pezas-dun-teatro-do-porvir-2025/101581/>

O vindeiro domingo 19 de outubro de 2025, o Teatro Rosalía de Castro da Coruña converterase no escenario do VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir: Galiza + Portugal, un evento que se celebra no marco da X Xornada da Sección de Literatura Dramática, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) coa colaboración do Concello da Coruña, a Deputación da Coruña, CEDRO e o Camões–Centro Cultural Português em Vigo.

Este festival, que se desenvolverá entre as 10:00 e as 21:00 horas, está concebido como un espazo de encontro e creación arredor das artes escénicas en lingua galega e portuguesa. A convocatoria está aberta á participación de sete proxectos en proceso de creación, catro procedentes de Galiza e tres de Portugal, que presentarán fragmentos ou versións breves das súas propostas ante o público e un comité de selección, que avaliará as pezas tanto desde un punto de vista artístico como escénico.

As presentacións non poderán superar os 15 minutos de duración, seguidas dun breve debate de ata outros 15 minutos, onde se analizarán as propostas e se fomentará un diálogo co público e entre as persoas creadoras, co obxectivo de enriquecer e desenvolver os proxectos escénicos.

O comité encargado da selección das pezas está formado por Afonso Becerra, vogal da Sección de Literatura Dramática da AELG; Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro; e Célia Guido Mendes, en representación do Camões–Centro Cultural Português em Vigo. As candidaturas deben incluír unha descrición do proxecto, unha mostra da peza e o currículo da persoa autora ou equipo creador, e deberán enviarse en formato dixital antes das 24:00 h do 14 de setembro de 2025 ao correo oficina@aelg.org.

Cada proxecto seleccionado recibirá unha asignación económica de 500 euros no caso dos galegos e 600 euros para os portugueses, nos que se inclúen todos os custos derivados da participación. Ademais, as persoas creadoras deberán comprometerse a asistir á totalidade da xornada, incluídos os debates, xa que participarán tamén na elección do IV Premio VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025: Galiza + Portugal, mediante voto secreto.

O proxecto gañador, escollido polos votos das persoas participantes, do comité organizador e, eventualmente, dunha persoa convidada de honra, terá a oportunidade de ser estreado profesionalmente. Non obstante, o xurado poderá declarar o premio deserto se considera que ningunha das propostas cumpre coas condicións necesarias.

Aínda que o evento leva o nome de “Festival”, a organización subliña que se trata dun espazo de mostra modesto, sen infraestrutura escénica profesional nin persoal técnico, polo que se require que os proxectos se adapten a un formato austero, dentro das posibilidades de cada equipo.

O VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025 preséntase, un ano máis, como unha plataforma de visibilización e impulso da dramaturxia contemporánea galega e portuguesa, apostando pola colaboración internacional e polo acompañamento creativo en procesos escénicos vivos e abertos ao diálogo.